



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e quince minutos do vinteno de agosto de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión extraordinaria de carácter urxente (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste a Concelleira Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno.

Asiste como Secretario o titular da Corporación Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, expónse que se convocou á sesión, á vista dos prazos para a formación das mesas electorais para as eleccións xerais e seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.-

Polo Sr. Alcalde Presidente dáse conta ao Pleno do Concello do asunto que motivou a sesión plenaria, por convocarse a mesma como sesión extraordinaria urxente.

En cumprimento do disposto no art. 210 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e no art. 79 do R.D. 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello debe pronunciarse no primeiro punto da orde do día sobre a urxencia da sesión.

O Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** ratificar o carácter da urxencia da sesión convocada.

2.- INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE FRIOL AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.-

Dáse conta ao Pleno do Concello do escrito remitido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en relación coa colaboración solicitada polo Concello, para o financiamento das obras de reforma de edificación para centro social no Concello de Friol, para a prestación de servizos de carácter social do Concello en especial para as persoas maiores. Á vista da solicitude achegan documentación coa información relativa aos trámites que deberán ser adoptados para a integración do Concello de Friol no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, elo esixe a adopción da decisión da incorporación polo Pleno do Concello das maiorías legalmente esixidas así como os estatutos do Consorcio e o convenio de incorporación a éste.

Á vista do anteriormente exposto e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación vixente e as consideracións ao respecto o Pleno do Concello



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor)

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a integración do Concello de Friol no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente Convenio de integración.

SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (D.O.G. de 7 de xullo de 2016).

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.

CUARTO.- Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio ao Sr. Alcalde Presidente, Don José Ángel Santos Sánchez.

Con anterioridade á votación, polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos anuncia que votarán a favor da proposta, facendo constar ademais que os concelleiros do seu grupo renuncian ao cobro das asistencias que lles corresponde pola sesión extraordinaria de carácter urxente. O Sr. Alcalde engade que os concelleiros do Grupo Popular, tamén renuncian ao cobro das asistencias que corresponden á sesión extraordinaria de carácter urxente. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

E non habendo mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión sendo ás trece horas e vinte minutos da data ao principio indicada, de todo o que eu, Secretario, redacto acta e dou fe.